**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 02/03/2026**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes
DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 02/03/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 23 de febreiro de 2026, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2026/0566**
Vista a solicitude de Dona Mónica Vilas Rivas, en representación de Fundación Artiaga acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 12 ao 15 de marzo de 2026, durante todo o día, para a celebración dun mercado solidario, do Programa AAN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Visto o informe da Policía Local, acórdase comunicarlle que deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

**PRP2026/0575**
Dáse conta do escrito presentado por D. Adrian Agrelo Lobato, en representación da Asociación Comisión de Festas San Pedro de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para celebración

da 1ª Festa do Cocido de San Pedro das Carolinas, o día 1 de marzo de 2026.
Dáse conta do informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0576**
Dáse conta do escrito presentado por José Pereira Alcantara, solicitando autorización para celebración dun acto do Diario de Arousa, con motivo do seu 25 aniversario, para facer unha foto de familia coa que ilustrar a portada do xornal, na Praza de Galicia, o día 20 de febreiro de 2026, ás 17:00 horas.
Dáse conta do informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0556**
Dáse conta de Proposta de gasto do Servizo de Vías Públicas, para a adquisición de material destinado á reparación de beirarrúa, na que se indica:
Que se detectou a existencia de numerosas beirarrúas en distintos puntos do municipio nas que resulta imprescindible a reposición e substitución de baldosas deterioradas, co fin de garantir a seguridade peonil e o adecuado estado de conservación dos espazos públicos.
Os danos débense ao deterioro habitual das beirarrúas polo paso do tempo, ao tránsito ocasional de vehículos por riba das mesmas e ás inclemencias meteorolóxicas, que agravan o seu estado e provocan afundimentos, roturas de baldosas.
Esta situación é especialmente significativa nas seguintes vías: Rúa San Roque, Rúa Edelmiro Trillo, Avda. Juan Carlos I, Rúa Celso Emilio Ferreiro, Rúa Maruja Mallo e Rúa Méndez Núñez, onde os danos son evidentes e requiren intervención urxente.
Co obxecto de garantir unha actuación áxil e eficaz, considérase necesario dispoñer dun stock suficiente de material na nave municipal, permitindo así a rápida execución dos traballos de mantemento nas zonas afectadas, así como para atender outras necesidades que poidan xurdir ao longo do ano.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa INTERMACO, S.L. con CIF: B-36146892, a subministración dos materiais necesarios para a reparación, reposición e mantemento das beirarrúas deterioradas en diferentes puntos do termo municipal, así como para facer fronte ás incidencias que se produzan durante o exercicio, por un importe total de 18.129,72 €. (IVE incluído), con cargo á partida 1530.22199, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0562**
Dáse conta de Proposta de gasto do Servizo de Vías Públicas, para a adquisición de tubos destinados ás reparacións na rede de saneamento e pluviais, na que se indica:
Que a rede municipal de saneamento e pluviais require labores continuos de mantemento e reparación, derivados do desgaste propio das instalacións, roturas puntuais, atascos, afundimentos e outras incidencias que afectan ao seu correcto funcionamento.
Na actualidade existen necesidades de intervención en A Lagoa, Rúa Pepín e Rúa José Viqueira Barrio, así como noutras localizacións do termo municipal que poidan xurdir ao longo do ano, sendo imprescindible actuar con axilidade para evitar problemas de salubridade, filtracións ou danos na vía pública.
Co fin de garantir unha resposta rápida e eficaz ante calquera incidencia, resulta necesario dispoñer dun stock suficiente de material na nave municipal, permitindo a execución inmediata dos traballos sen depender dos prazos de subministración.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa COPRAROSA, SOCIEDAD LIMITADA con CIF: B-36242956, o Subministro de tubos SN4 dos seguintes diámetros:Ø160, Ø200 , Ø 315, Ø 400 e Ø 500, por un importe total de 18.091,01 €. (IVE incluído), con cargo á partida 160.22199, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0600**
Dáse conta de Proposta de gasto do Servizo de Vías Públicas para a certificación trimestral do escenario modula, na que se indica:
Que o Concello dispón dun escenario (palco) modular que se monta e desmonta en distintas localizacións para a celebración de eventos organizados polo propio Concello, así como por asociacións culturais, entidades de interese social e centros educativos.
Debido ao seu uso continuado, montaxe e desmontaxe frecuentes e transporte a diferentes emprazamentos, os seus elementos estruturais (plataformas, patas regulables, sistemas de unión, ancoraxes, etc.) están sometidos a desgaste e fatiga dos materiais. Co fin de garantir a seguridade das persoas usuarias e do público asistente, resulta necesario realizar revisións técnicas periódicas por persoal técnico competente que verifique o correcto estado de todos os compoñentes e emita a correspondente certificación.
O certificado correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2026 xa foi emitido pola empresa CONTROL E INSPECCION REGLAMENTARIA, S.L.. Procede agora tramitar a contratación das revisións correspondentes aos tres trimestres restantes do ano.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CONTROL E INSPECCION REGLAMENTARIA, S.L. con CIF: B-94053659, por un importe total de 1.089,00 € (IVE incluído), para certificacións dos tres trimestres restantes do exercicio 2026, sendo o importe de 300,00 € + IVE por trimestre, con cargo á partida 334.22706.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0601**
A dirección do CEIP Rosalía de Castro presentou o día 10/12/2025 solicitude ao Concello, con número de rexistro de entrada WEB2025010919, na que comunica a existencia de novas filtracións de auga na claraboia do comedor escolar, así como nos porches traseiros.
Indican que, aínda que recentemente se repararon as pingueiras da claraboia da aula de psicomotricidade, actualmente detectouse unha nova entrada de auga na claraboia do comedor, tal e como se recolle na reportaxe fotográfica achegada.
Realizada a correspondente inspección polos servizos técnicos municipais, comprobouse que a filtración vén motivada pola acumulación de sucidade e polo deterioro do selado da claraboia, resultando necesario proceder á súa limpeza integral e ao reselado completo para garantir a súa correcta estanqueidade.
A sí mesmo, durante a visita de inspección observouse que os porches traseiros presentan un importante grao de deterioro debido ao mal estado dos canlóns como se mostra nas imaxes achegadas. Nalgúns tramos detectouse acumulación de sucidade que require limpeza e desatasco das baixantes, mentres que noutros casos os elementos atópanse gravemente danados, con partes podridas, polo que é preciso proceder á súa reposición.
Polo Servizo Municipal de Obras, indicase que son necesarias as seguintes reparacións:

- Reparación da claraboia do comedor escolar para solucionar as filtracións de auga.
- Reparación dos porches traseiros por entrada de auga derivada do mal estado dos canlóns.
- Limpeza xeral dos canlóns e desatasco das baixantes.
- Substitución dos tramos de canlón deteriorados que non admiten reparación.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 4.416,50 €. (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, para a realización das obras indicadas.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

**PRP2026/0602**
O Centro de Educación Especial presentou o día 06/02/2026 solicitude ao Concello, con número de rexistro de entrada WEB2026000974, na que comunica a existencia de filtracións de auga na entrada principal do edificio, indicando que como consecuencia os teitos presentan humidades e zonas molladas, solicitando a revisión das baixantes e do sistema de evacuación de pluviais.
Realizada a correspondente inspección polos servizos técnicos municipais, comprobouse que as filtracións veñen motivadas polo mal estado do canlón situado na entrada principal do edificio, sendo necesaria a súa reparación.
Así mesmo, constatouse a necesidade de realizar unha limpeza xeral dos canlóns do edificio debido á acumulación de sucidade e ao crecemento de vexetación, que dificultan a correcta evacuación das augas pluviais.
Considérase tamén necesaria a colocación dunha nova saída do canlón cara á baixante, co fin de mellorar a capacidade de desaugadoiro e garantir a correcta evacuación da auga en episodios de choivas abondosas.
Por outra banda, detectáronse deficiencias no cumio de varias aulas e do ximnasio, que están a provocar pingueiras, polo que resulta preciso proceder á súa reparación para evitar danos maiores na estrutura e nos acabados interiores.
Polo Servizo Municipal de Obras, indicase que son necesarias as seguintes reparacións:

- Reparación do canlón na entrada principal do edificio.
- Colocación dunha saída no canlón cara á baixante.
- Limpeza xeral de canlóns do edificio.
- Corrección de entradas de auga en varias aulas
- Reparación do cumio das aulas afectadas e do ximnasio.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 5.178,80 €. (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, para a realización das obras indicadas.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0603**
O CEIP plurilingüe de Vilaxoán informou en xaneiro deste ano da aparición dunha goteira nunha aula de infantil, situada baixo un telladiño. Inicialmente observouse que unha plancha do falso teito estaba mollada, e uns días máis tarde a pingueira evolucionou formando un buraco que afectaba á correcta utilización da aula.
Ademais, durante a inspección realizada polos servizos técnicos municipais, comprobouse que a cuberta da entrada principal tamén presenta zonas con risco de filtracións e que os canlóns do patio interior e da saída da escola están parcialmente obstruídos por sucidade e acumulación de restos vexetais, reducindo a capacidade de evacuación da auga pluvial.
Tendo en conta as intensas chuvias propias do inverno e a afección á actividade docente, resulta urxente acometer estas reparacións coa maior brevidade posible para garantir a seguridade do alumnado e do persoal, así como preservar as condicións de salubridade e integridade das instalacións.
Polo Servizo Municipal de Obras, indicase que son necesarias as seguintes reparacións:

- Corrección da entrada de auga nas aulas afectadas.
- Colocación de chapados na cuberta da entrada principal.
- Colocación de aliviadeiros nos canlóns do patio interior, así como instalación de canlóns na saída da escola.
- Limpeza xeral dos canlóns.
- Inclúense os medios auxiliares para a execución da obra.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 5.965,30 €. (IVE incluído), con cargo á partida 320.212, para a realización das citadas obras.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0606**
A Axencia de Lectura de Bamio, integrada na rede municipal de bibliotecas, vén presentando nos últimos meses problemas reiterados de filtracións de auga na cuberta do edificio, especialmente na zona destinada á sala de lectura e na área da cociña.
As filtracións prodúcense principalmente en episodios de choiva intensa, afectando ao falso teito, paramentos verticais e pavimentos, o que pode provocar danos no mobiliario, nos fondos bibliográficos e nos equipos existentes nas instalacións. Ademais, a persistencia da humidade incrementa o risco de deterioro estrutural da cuberta e supón un prexuízo para as condicións de salubridade e confort dos usuarios e do persoal.
Realizada visita de inspección por persoal técnico municipal, comprobouse que a orixe está no deterioro do illamento da cuberta, na acumulación de residuos no canlón interior, na existencia de gretas na superficie impermeabilizada e no mal estado do chapado da cheminea, o que favorece a entrada de auga ao interior do inmoble.
Dado que se trata dunha actuación puntual, necesaria e urxente para garantir a correcta conservación do edificio municipal e evitar danos de maior entidade, considérase preciso acometer os traballos de reparación e impermeabilización descritos a continuación:

- Reparación do illamento na cuberta na zona de lectura por entrada de auga.
- Limpeza do canlón interior e reparación do chapado da cheminea.
- Corrixir a entrada de auga na zona da cociña.
- Lavado da cuberta con máquina de auga a presión na zona da cociña.
- Impermeabilizado da cuberta e reparación das gretas con pintura de clorocaucho fibrado.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B94128675, por un importe total de 6.231,50 €. (IVE incluído), con cargo á partida 3321.212, para a realización das citadas obras.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0649**
Na XGL do día 26/01/2026 adoptouse o seguinte acordo: "Adxudicación á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. dun servizo de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes WINTASK Padrón para os meses de xaneiro e febreiro de 2026, por un importe de 172,51 € IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria: Programa: 920, Económica: 22706"
Debido a existencia dun erro no importe da oferta presentada pola empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. é necesario modificar o acordo anterior.
Ademais de corrixir o erro no importe, proponse polo Departamento de Informática que o novo acordo de renovación do servizo de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes WINTASK Padrón, sexa ampliado a un período de seis meses, o acordo anterior era de dous meses, debido a que o proceso de licitación da nova aplicación de xestión do padrón de habitantes non está finalizado.
Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- A anulación do seguinte acordo aprobado na XGL do día 26/01/26: "Adxudicación á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. dun servizo de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes WINTASK Padrón para os meses de xaneiro e febreiro de 2026, por un importe de 172,51 € IVE incluído. O gasto farase con cargo á aplicación orzamentaria: Programa: 920, Económica: 22706."

2.- A aprobación do seguinte acordo: Adxudicación á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. dun servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión do padrón municipal de habitantes “WINTASK Padrón”, por un importe de 1.293,82 € IVE incluído, o período do servizo abarcará os seis primeiros meses de 2026, con cargo á partida 920.22706..
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0572**
A empresa BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU (CIF B41632332), presenta por rexistro telemático, (número rexistro 2026001709, Expediente Nº INF/2026/000008) a documentación relativa os seguintes feitos:
1.- A empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS, SLU modificou a súa denominación social, pasando a ser BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU, conservando o mesmo CIF (B41632332).
2.- Adicionalmente BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU formalizou a fusión por absorción da sociedade SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA, SLU con CIF B80004732.
3.- Adicionalmente BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU formalizou a fusión por absorción da sociedade ABS INFORMATICA, SLU con CIF B59383596.
Os datos da empresa BL ESPAÑA SOFTWARE, SLU, son os seguintes:

- CIF: B41632332
- Enderezo: CALLE DOCTOR ZAMENHOF, NUM 36, PLANTA 2, 28027 MADRID - (MADRID)
- e-mail para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións telemáticas é o seguinte: contabilidad@berger-levrault.com

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a cesión á empresa BL España Software SLU, dos seguintes contratos adxudicados en Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro de 2026, ás empresas que se citan:
- Un servizo de soporte, mantemento das aplicacións informáticas de Contabilidade (SICALWIN) e de facturas electrónicas (AYTOSFACTUR@) para o ano 2026 por un importe de 21.695,30 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706, que foi adxudicado á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.
- Un servizo de soporte, mantemento e hosting (explotación en modo “Cloud”, entorno “Savia Cloud”, modalidade SaaS) da aplicación de RRHH Ginpix7 para o ano 2026, por un importe de 34.643,27 € IVE incluído, con cargo á pargtda 9201.22706, estimándose unha media mensual de 450 nóminas, que foi adxudicado á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada SLU (SAVIA)
Dar conta aos Servizos Municipais de Secretaría, Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

**PRP2026/0550**
Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario anual para a difusión das iniciativas de desenvolvemento local do Concello de Vilagarcía de Arousa en Radio Arosa-Cadena Ser, conforme ao orzamento presentado por Radio Pontevedra - CIF A36005346, por un importe de 14.520,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602,.
A facturación realizarase por trimestre vencido, a razón de 3.000,00 € (3.630,00 € IVE incluido).
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0551**
O Grupo Radio Pontevedra - Cadena Ser, ao que pertence Radio Arosa, a emisora de referencia

en Vilagarcía e a comarca, vén de poñer en marcha un proxecto titulado “Radio Escolar” que, entre outros obxectivos, busca potenciar esta ferramenta educativa como un medio de comunicación interno en cada centro, coa participación activa do alumnado e profesorado, ademáis de axudar na concienciación sobre a diferenza entre información veraz de fontes fiables e as noticias falsas e os bulos.
En concreto, nesta edición participan os sete centros escolares de Vilagarcía de Arousa, entre institutos e colexios, tanto públicos como concertados, Co aprendido, os escolares poderán optar ao Premio José Hermida e radio escolar.
Tendo en conta o interese da Concellería de Educación e de todo o goberno local en fomentar e participar en calquera iniciativa que incida nunha mellor calidade do sistema educativo na cidade, é polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración co Grupo Radio Pontevedra, por importe de 6.000 euros (7.260 € con IVE), con cargo á partida 926.22613, de conformidade co orzamento presentado.
Tendo en conta que o programa se desenvolve ata o remate do curso, a facturación farase en tres partes, unha factura cada dous meses: febreiro, abril e xuño, a razón de 2.000 € (máis IVE) en cada quenda.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0552**
Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario anual conforme ao orzamento presentado por Radio Popular SA - Cadena Cope (CIF A28281368), por un importe de 4.096,46 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602, que inclúe 47 microespazos a distribuir en tres emisoras (Cope, Rock FM e Cadena 100).
A facturación realizarase mes a mes.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2026/0627**
Pola Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 4º trimestre do ano 2025.
- Mes de OUTUBRO: 53.303,04 €
- Mes de NOVEMBRO: 50.311,20€
- Mes de DECEMBRO: 48.488,04 €
- Regularizacións período/s 01/04/2025-30/06/2025 01/04/2025-30/09/2025: -15.497,40.

Total nómina neta 4º trimestre: 136.604,88 €
Regularizacións outras incidencias: Proxecto anual de S.S (total a descontar :2.397,84 euros): -2.397,84 euros
Total devengado: 134.207,04 €
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0629**
Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto de acción social a través doTeatro-Foro destinado á Educación Secundaria (febreiro-xuño 2026) e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión

Socioeducativa SL, por un importe de 5.154,60 € (IVE excluído), con cargo á partida 231.22610, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0630**
Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto "Prevención problemáticas socioeducativas en contornas dixitais para nenos/as de educación primaria" (febreiro-xuño 2026) e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión Socioeducativa SL, por un importe de 4.235,00 € (IVE excluído), con cargo á partida 231.22610, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0631**
Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto "Habilidades socioemocionais para mellora da convivencia, dirixido a Educación Primaria" (setembro-decembro 2026) e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión Socioeducativa SL, por un importe de 8.748,30 € (IVE excluído), con cargo á partida 231.22610, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0633**
Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do Proxecto de prevención da ludopatía en menores e a súa adxudicación a D. Ramón Molina Gómez, por un importe de 3.690,50 € (IVE excluído), con cargo á partida 231.22610, de conformidade co orzamento presentado.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### EMPREGO

**PRP2026/0651**
Dáse conta de escrito do Servizo de Orientación Laboral, da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración comunicando que con motivo da próxima finalización do período subvencionado para realizar actividades de orientación laboral para o ano 2025 ao abeiro da orde de 27 de decembro de 2024, Informa que as entidades que presten servizos de orientación financiadas ao abeiro da citada orde e rematen agora a súa vixencia en xaneiro 2026, poden solicitar autorización para o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral, remitindo as solicitudes antes do 27 de febreiro de 2026.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**PRP2026/0571**
A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 15/12/2025, adoptou, entre outros, o

seguinte acordo:

- Elevar ao carácter de contrato o protocolo asinado coa Fundación Manuel María de Estudos Teatrais en novembro de 2024 para a representación da obra gañadora no IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais.
- Autorizar a tramitación anticipada do contrato menor por importe de dous mil catrocentos vinte (2420,00) euros, IVE engadido, ao terceiro Urdime, Soc. Cooperativa Galega (NIF 70353982) polo caché da representación da obra gañadora no IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais titulada «Berenguela na gaiola», dirixida por Paula Carballeira e presentada conxuntamente polas compañías Galeatro e Xarope Tulú, con cargo á partida 334.22637SERV. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA do orzamento de 2026, condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente dese exercicio.

| CONCEPTO | PROVEDOR | NIF | BASE IMPOÑIBLE (€) | TIPO IVE (%) | IVE (€) | IMPORTE CON IVE (€) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CACHÉ DA REPRESENTACIÓN DA OBRA GAÑADORA DO IV CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS, TITULADA: «Berenguela na gaiola» | URDIME, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA Avenida de Lugo, 2A, baixo esquerda, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña) | F70353982 | 2000,00 | 21% | 420,00 | 2420,00 |

Enviouse aos centros de educación primaria de Vilagarcía de Arousa unha invitación coa información relacionada (sinopse da obra, data, hora, lugar, prazo e modo de inscrición etc.). Na data do remate da inscrición, seis centros amósanse interesados: CEIP Arealonga, CEIP A Lomba, CEIP Anexo A Lomba, San Franscisco, CEIP A Escardia, CEIP de Vilaxoán, CEE Vilagarcía. Prevese unha asistencia dunhas 550 persoas entre alumnado e profesorado.
Polo Servizo de Normalización lingüistica dase conta da data, hora e lugar da celebración da representación da obra «Berenguela na gaiola», gañadora do IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais, e cumprir así cos termos recollidos no convenio/contrato asinado coa Fundación Manuel María de Estudos Teatrais.

- Título: «Berenguela na gaiola»
- Data e hora: Martes 3 de marzo de 2026 ás 12.00 h
- Lugar: Sala principal do Auditorio municipal de Vilagarcía de Arousa

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/0570**
No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 24 , do xoves 5 de febreiro de 2026 , publicáronse as bases para subvencións da Deputación de Pontevedra para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia para o ano 2026 - procedemento SIA 687911.
Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación das axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística dos Concellos e doutras entidades locais da provincia no período que abrangue do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.
As subvencións están destinadas a financiar as retribucións do persoal técnico dos SNL das entidades solicitantes ás que vai destinada esta convocatoria. Estas entidades serán as encargadas de pagar directamente as nóminas do persoal técnico e as cotas da Seguridade Social.
A previsión de custos para 2026 do servizo de normalización lingüística do Concello de Vilagarcía de Arousa é a seguinte (gastos de persoal correspondentes á nómina da persoa adscrita ao servizo):

| SNL | Total retribucións | SS empresa | Custo total |
|---|---|---|---|
| 1 traballadora / 12 meses | 36.789,84 € | 9.730,92 € | 46.520,76 € |

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro: Aprobar a presentación dunha solicitude para as subvencións da Deputación de

Pontevedra para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia para o ano 2026 na liña de mantemento do SNL pola cantidade máxima subvencionable: vinte e cinco mil (25 000,00) euros.
Segundo: Facultar a técnica de Normalización Lingüística para a presentación e xestión telemática da dita solicitude.

## XUVENTUDE

**PRP2026/0678**
Visto o acordo de XGL do pasado día 2/02/2026 Infórmase pola Concellería de Xuventude do seguinte:
Trala petición dun centro educativo (IES O Carril) coa finalidade de que participaran, na visita ao Auditorio para participar nas actividades informativas da IV Edición do (In)Fórmate: Xornada Técnica sobre Formación e Futuro laboral, un grupo de alumnos/as a maiores do que estaba previsto inicialmente. É dicir estaba aprobado un servizo de 2 autobuses para 103 estudantes de 1º de bacharelato, orzamento adxudicado á empresa Pereira. Posteriormente fíxose necesario solicitar outro servizo para o desplazamento, en autobús, doutro grupo de 45 alumnos-as de 4º da ESO do mesmo centro educativo.
Por outro lado, ao no contar cunhas bolsas onde o alumnado participante da IV edición de (In)Fórmate: Xornada técnica sobre formación e Futuro laboral puidese ir gardando a información sobre os diferentes estudos que recollía nos diferentes mostradores informativos, fíxose necesario solicitar á Papelería Arines o subministro de 480 bolsas medianas de papel kraft.
Polo tanto e en base ao exposto anteriormente, a Xunta de Goberno Local acorda:
1. Ampliar a adxudicación, con cargo á partida 2314.22610, á favor da empresa Pereira SL,19 Pol. Ind. Trabanca, rúa Patiño, 19 e CP.: 36600 e con CIF.:B36030997, en 180,02€ (Ive engadido) polo servizo, a maiores, de transporte dun grupo de 45 alumnos de 4º Eso do IES O Carril para participar en (In)Fórmate o 20 de febreiro pasado.
2. Ampliar a adxudicación, con cargo á partida 2314.22610, á favor da Papelería Arines con Cif.:E36307718 e enderezo en Gumersindo Nartallo nº 9, baixo, 36600 Vilagarcía de Arousa, en 192€ (Ive engadido) polo subministro de 480 bolsas medianas de papel kraft, para a xornada técnica do pasado 20 de febreiro de 2026.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2026/0616**
Dáse conta da publicación no DOG do día 6 de febreiro de 2026 por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dunha Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2026 destinadas a entidades locais de Galicia.
O artigo 3.1.a) da mencionada Orde establece que esta orde reguladora da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental inclúe… a) convocatoria de subvencións de natureza NON COMPETITIVA, destinada a aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, aos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, relacionados no anexos V da orde e que formulen:
1. petición de maneira individual.
No artigo 14.2 da Orde regúlase o orzamento máximo, importes máximos subvencionables e límite de subvención para gastos de funcionamento na liña en concorrencia non competitiva e establécese que “a cantidade máxima da subvención a tanto global por concello segundo esta orde será a suma das cantidades establecidas no anexo V, pero en ningún caso o importe da subvención poderá superar o orzamento total das actuacións para as cales o concello solicita subvención”. Segundo o anexo V ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle un

importe máximo de subvención total de 10.811,63 euros, (2.444,69 euros en función do nº de aeroxeradores instalados no seu término municipal, e 8.366,94 € como importe máximo subvención pola lonxitude das liñas).
O artigo 4.4.h).2 establece como gasto subvencionable “os proxectos de saneamento, redes de sumidoiros e de abastecemento de augas”.
A actuación que se propón consiste na realización das obras necesarias para a separación das augas residuais conectada á rede de pluviais na rúa illa de Ons en Cornazo.
Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:
Primeiro: Aprobar a solicitude da mencionada subvención na liña de CONCORRENCIA NON COMPETITIVA para a realización da actuación de Reforma da rede de saneamento para separación de augas pluviais e fecais na Rúa Illa de Ons aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.
Segundo: Aprobar a memoria valorada denominada "Reforma da rede de saneamento para separación de augas pluviais e fecais na Rúa Illa de Ons", redactada polo Enxeñeiro Técnico Municipal, cun orzamento de 13.535,08 euros (IVE INCLUÍDO), polo que, ao ser o importe da subvención de 10.811,63 euros, o Concello asumiría a diferenza (2.723,45 euros) en función do que finalmente resulte do procedemento de contratación, con cargo ao programa de gasto 160-210.

**PRP2026/0623**
Dáse conta da publicación no DOG do día 6 de febreiro de 2026 por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático dunha Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento MT975X).
O artigo 3.1.c) sinala como conceptos subvencionables dentro da liña 3 referida a proxectos de ampliación do grao de implantación territorial e de mellora da calidade da separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ):

- Composteiros domésticos: composteiros para vivendas unifamiliares con xardín ou horto no que se depositan e se composten os biorresiduos.
- Aireadores, termómetros ...: aireadores e termómetros específicos para controlar o proceso de compostaxe.
- Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxectos: as actuacións deberán incluír un plan de traballo, así co a vixilancia e o control. Entres esas actuacións incluirase unha guía para cada vivenda participantes en que se detallen os biorresiduos que poden ser obxecto de compostaxe.

No artigo 4 indícase os requisitos para seren subvencionables os proxectos: deberán realizar un seguimento da actuación de, polo menos, un ano dende a implantación do proxecto que garanta o cumprimento dos obxectivos marcados no proxecto.
No artigo 5 recóllese como gastos subvencionable o IVE ao dispoñer que “os concellos e demais entidades de dereito público non teñan a consideración de suxeito pasado, nos termos previsto no artigo 13 da Directiva 2006/112/CE do Consello, polo que o IVE soportado por estes se considerará subvencionable”.
O artigo 6.2 determina que as subvención que se concedan ao abeiro desta orde están cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, contando cunha taxa de cofinanciamento Feder o 60%, un 40% de fondos propios da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. E no seu punto 3.c) sinala que o importe máximo da subvención acadada na liña 3 non poderá superar os 20.000 €.
O proxecto que se propón sería “ampliación do grao de implantación territorial do programa para a separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a compostaxe doméstica no Concello de Vilagarcía de Arousa” consistente na compra de composteiros domésticos e material de apoio para a súa utilización. O concello leva anos impulsando a compostaxe doméstica con diversas

campañas de formación/información entra a cidadanía e ten intención de continuar potenciando esta modalidade de xestión dos biorresiduos.
Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude da mencionada subvención na liña 3 para levar a cabo o proxecto "ampliación do grao de implantación territorial do programa para a separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a compostaxe doméstica no Concello de Vilagarcía de Arousa" consistente na compra de 200 composteiros e 200 aireadores e a realización dunha actividade de formación/difusión ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases, debendo aceptarse as condicións e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención e demais normativa aplicable.
O orzamento estimado para as actuacións ascende a 18.301,20 €. Debido a que este importe non supera o importe máximo da subvención, que é 20.000 €, e que a porcentaxe de financiamento é do 100%, e que o IVE é subvencionable, o proxecto non supón achega municipal.

### TURISMO

**PRP2026/0568**
O Concello de Vilagarcía de Arousa solicitou a ADEAC a renovación do galardón Sendero Azul para Vía Verde do Salnés e para Senda Litoral de Vilagarcía, de Vilaxoán a Carril
Por esa tramitación, ADEAC presenta o presuposto que se achega e que é de 300 + 21 % de IVE para cada sendeiro, polo que o total ascende a 726 €.
Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno acorda aprobar o presentado por ADEAC, Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor, que ascende a 726 € (IVE engadido) para a tramitación das candidaturas da Senda Litoral de Vilagarcía, de Vilaxoán a Carril e da Vía Verde do Salnés á renovación do galardón Sendero Azul 2026, con cargo á partida 432.489.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0569**
O Concello de Vilagarcía de Arousa ten concedidos dous galardóns de Sendero Azul: un para a Vía Verde do Salnés e outro para Senda Litoral de Vilagarcía, de Vilaxoán a Carril.
Faise preciso a colocación dun panel informativo na Vía Verde e dous na Senda Litoral.
Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, por un importe total de 1.385,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22602, coa seguinte desagregación:
- Orzamento de D. Carlos Crespo Gómez, polo deseño e maquetación de 2 paneis, por importe de 968 € (IVE engadido).
- Orzamento de Baños Print, S.L. pola impresión de 3 vinilos e que ascende a 417,45 € (IVE engadido)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### MULLER E PERSOAS MAIORES

**PRP2026/0598**
Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM ten previsto realizar diversas actividades entre as que se encontra a proxección da serie Réxime xunto cun faladoiro ao que asistiran as participantes na serie a debater e reflexionar sobre o rexeitamento, odio ou discriminación cara ás persoas gordas mais a problemática dos trastornos alimentarios, utilizando a comida e o "réxime" como punto de partida para abordar a presión estética, o corpo,

a saúde e o éxito social.
Estas actividades está conectada coas áreas 3 e 4 do IV Plan de Igualdade.
En canto a área 3 esta actividade conecta co seu obxectivo específico número 3, dirixido a Poñer en valor a diversidade e visibilizar outros modelos diferentes aos hexemónico realizando actividades que teñan en conta outras realidades de ser muller e as distintas problemáticas que atravesan ás mulleres.
Mais concretamente co obxectivo nº 2 da, acción 1 da área 4. Na área 4, a consecución do obxectivo nº 2 adicado a promover a saúde integral dende unha perspectiva feminista se concreta coa promoción de estratexias que favorezan a autoaceptación do corpo activando factores de protección e prevención que promovan unha vida saudable.
Vista a proposta da Area de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos das participantes no faladoiro, por un importe total de 847,00 (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 2312.22610, coa seguinte desagregación:

| | | | |
|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN NOCHE DE POEMIA. | G99502601<br>Calle San Antonio Abad, 73, 1d. 50010 Zaragoza | Mesa redonda vinculada a proxección da serie Réxime. | 484,00 |
| CRU PRODUCIÓNS SOCIEDADE COOP. GALEGA. | F06999411 - Rúa Illas Cíes, nº10. 36350 Nigrán | Mesa redonda vinculada a proxección da serie Réxime. . | 363,00 |
| | | Total | 847,00€ (Ive Incluído) |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2026/0599**
O IV Plan de Igualdade do Concello preve nas suas areas II e III a realizacion de actividades culturais que promovan a igualdade e a diversidade.
Con motivo da celebracion do 8 de marzo, Dia da Muller, a Area de Igualdade - CIM ten prevista a proxección, en colaboración co cine clube ADEGA, dunha serie de curtas gañadoras da convocatoria “Curtas en Feminino”, o certame anual organizado por TRAMA (Coordinadora de Mostras e Festivais de Cine, Vídeo e Multimedia Realizado por Mulleres).
Ademais se prevé tamén a representación da obra Novos lobos. Con esta obra dirixida ao público infantil se pretende sensibilizar na igualdade de xénero e a paz.
Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos correspondentes a estas dúas actividades, por un importe total de 1.134,00 €, con crgo á partida 2312.22610:

| | | | |
|---|---|---|---|
| CINE CLUBE ÁDEGA | G36018513<br>Apdo. Correos 205<br>36600 Vilagarcia de Arousa | -PROXECCIÓN CURTAS pola celebración do 8M | 484,00€ |
| URDIME S. COOP.GALEGA | F-70.353.982<br>Avda. de Lugo, 2A - Baixo Esq<br>15.702 – Santiago de Comp. | .Representación do espectáculo “Npvps lobos” | 650,00€ |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

**PRP2026/0563**
Con motivo da celebración da festa de San Pedro en Cornazo, os vindeiros días 3,4 e 5 de xullo de 2026, na que se van a levar a cabo actos de carácter cultural e relixioso D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación da Asociación de Festas San Pedro de Cornazo solicita a actuación de grupos de gaitas e coral.
Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación das seguintes actuacións:

| NOME FISCAL | N.I.F. | DÍA ACTUACIÓN | CONCEPTO | IMPORTE | PARTIDA |
|---|---|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA -GAITAS- | G94150414 | 3 e 5 -07-2026 | PASARRUAS | 03-07: 350,00€ 05-07: 350,00€ | 334-22609 |
| ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS DE SOBRADELO – Grupo de Gaitas - | G36043933 | 04-07-2026 (mañán) | PASARRUAS | 391,00€ | 334-22609 |
| ASOC. CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLAN- -Grupo de gaitas Treboada- | G94007911 | 04-07-20266 (tarde) | PASARRUAS | 350,00€ | 334-22609 |
| AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA FROALLO -Grupo de gaitas- | G36198927 | 05-07-2026 | PASARRUAS | 391,00€ | 334-22609 |
| ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO – Coro. | G94108933 | 05-07-2026 | CELEBRACIÓN ACTO RELIXIOSO | 300,00€ | 334-22609 |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2026/0564**
Vista a solicitude de Dona Manuela Rios Abalo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Nosa Señora en Cea o vindeiro día 19 de abril de 2026:

- Actuación da Asociación Cultural Folklórica Unión Piñeira - Gaitas Treboada, por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.
